

informa TEO

URBANISMO Este verán realizaranse as obras de sendas na contorna do CEIP de Calo

O Concello está licitando importantes obras de mobilidade e accesibilidade por un importe de 1,3 millóns de euros, financiadas con fondos Feder a través de axudas do IDAE. O proceso de licitación está aberto e pode consultarse no perfil do contratante, na web municipal teo.gal.

Segundo explica Uxía Lemus, concelleira de Urbanismo, as obras son “a senda peonil e ciclista nas parroquias do centro e sur do Concello e o proxecto de camiño escolar seguro en Calo que inclúe as sendas da contorna do colexio de Calo e obras de accesibilidade en edificios públicos”.

Camiño escolar na zona de Calo

Este proxecto inclúe unha serie de actuacións co fin de mellorar a mobilidade e a seguridade peonil na zona de Folgueiras, Fixó, A Igrexa de Calo e A Cascalleira. A obra incluírá sendas peonís que comunicarán o CEIP de Calo coa zona do pavillón municipal e a escola infantil municipal de Calo; coa N-550, en Balcaide; con Fixó e Campos de Mirabel e con Folgueiras o que suporá unha mellora integral da seguridade viaria da zona. Estas sendas ademais conectarán con outras que xa están realizadas como a do centro de saúde que vai cara San Domingo.

Debido ás necesidades técnicas desta execución, e en base a un estudo de tráfico previo, o Concello debe limitar os sentidos de circulación no lugar de Fixó e na rúa Cascalleira, de xeito que nestas dúas zonas están previstos sentidos únicos. A intención é que as obras se poidan executar coincidindo cos últimos meses do curso académico e o verán para que a actividade escolar se vexa afectada o mínimo posible.



Senda ciclista

Outra das obras en licitación é a dunha senda peonil e ciclista nas parroquias do centro e sur do concello. A senda mixta executarase aproveitando as marxes de diversas vías xa existentes e enlazando con tramos xa executados. Neste caso está proxectado unha beirarúa de formigón coloreado de 1,80 metros. A senda parte do núcleo da Igrexa de Luou, da beiravía existente, e vai ata o núcleo de Vilanova, en Recesende. Esta senda completarase con outras, que serán licitadas nos vindeiros meses.

Accesibilidade

Tamén se actuará nos vindeiros meses para suprimir as barreiras arquitectónicas e mellorar a accesibilidade en Casas Comúns como a de Cacheiras, Teo, Lampai, Tras do Eixo, Bamonde ou Reis; nos polideportivos dos Tilos e Calo e nos colexios de Reis e Recesende. Estas obras están incluídas dentro do Plan de Mobilidade Sostible Urbano do Concello de Teo •

O Concello está licitando importantes obras de mobilidade e accesibilidade por 1,3 millóns de euros

A Policía Local fixo 152 propostas de sanción durante as corentenas



O equipo de axentes atenderon 4.600 chamadas telefónicas relativas a dúbidas sobre as medidas impostas para o control da Covid-19

A Policía Local de Teo fixo balance sobre o labor dos membros deste corpo no Concello de Teo en 2020, durante os meses dos dous estados de alarma decretados por mor da incidencia do coronavirus. Tendo en conta que na actualidade conta con 7 efectivos en activo para unha poboación total de 18.600 habitantes, a día de hoxe puidéronse cubrir as demandas xeradas pola pandemia relacionadas coa vixilancia e control do cumprimento da normativa sanitaria segundo o discorrer da pandemia.

A dita vixilancia e control deu como resultado que se formularan 152 propostas de sanción en total, por incumprimento da Lei 4/2015 de seguridade Cidadá e da Lei 8/2008 de saúde de Galicia. Dentro deste número de propostas inclúense dúas denuncias por non respectar a corentena sendo positivas na Covid 19.

Segundo o estudo estatístico realizado, atendéronse 4.600 chamadas telefónicas, relativas a dúbidas e cuestións relacionadas coas distintas situacións derivadas do establecemento de perímetros sanitarios, desprazamentos intermunicipais, establecementos públicos, utilización de máscaras de protección ou reunións entre convivintes e achegados entre outras.

Neste senso, púidose apreciar un incremento sustancial nas consultas telefónicas realizadas pola veciñanza do 1º ao 2º estado de

alarma por mor da continua e variable normativa publicada polas diversas administracións públicas e do notable incremento no nivel de confianza da veciñanza con respecto a Policía Local de Teo. Cabe subliñar que as 16 publicacións oficiais efectuadas na páxina corporativa do Facebook alcanzaron as 81.848 visitas, con picos de 10.900 visitas nalgunha publicación.

Por outra banda, no segundo estado de alarma apreciouse na poboación un maior grado de cumprimento da normativa sanitaria, observándose un descenso significativo no número de propostas de sanción formuladas por membros deste Corpo, se ben, detectáronse novas condutas de incumprimento con respecto ao primeiro estado de alarma como foi a aparición dos chamados “botellóns”, procedéndose á desarticulación de 6 deles e formulando as correspondentes propostas de sanción.

En canto ao control da hostalaría, realizáronse controis de capacidades exteriores e interiores, dos horarios de peche e da distancia de seguridade en terrazas e interiores. O resultado foi, en xeral, aceptable, posto que só se contemplaron casos illados de incumprimento.

Con relación ás denuncias formuladas por infraccións de tráfico destaca un aumento no segundo estado de alarma, con 5 casos de positivos por consumo de drogas e outros 8 positivos por bebidas alcohólicas •

Axudas polo peche de comedores escolares

As familias vulnerables usuarias dos comedores escolares das escolas infantís do Concello de Teo recibirán unha subvención directa que compense o período de peche destes centros pola crise sanitaria da Covid-19.

Trátase dunha concesión publicada polo Departamento municipal de Benestar, tras solicitar á Consellaría de Política Social unha axuda extraordinaria para a concesión de axudas ás familias vulnerables beneficiarias de bonificación no servizo de comedor escolar das escolas infantís municipais.

Estas axudas van dirixidas a familias que fosen usuarias do servizo de comedor escolar no momento no que se produciu o peche das escolas por causa da crise sanitaria da Covid-19 e que tivesen unha renda per cápita familiar inferior ao 125% do IPREM. As familias beneficiarias recibirán unha carta informativa respecto da contía que lle foi recoñe-



cida. En total 107 familias con nenos e nenas nas escolas infantís de Calo, Os Tilos e A Ramallosa serán beneficiarias desta axuda en función da renda.

Os días tidos en conta para a concesión foron un máximo de 115, o que se corresponde co número de días lectivos nos que o comedor escolar estivo pechado. As persoas beneficiarias deben presentar agora no Rexistro Xeral do Concello antes do 30/03/2021 o documento que foi remitido coa carta informativa e tamén está dispoñible na web municipal ou nas EIMs •

A concesión publicouna o Departamento municipal de Benestar tras solicitar a axuda á Consellaría de Política Social da Xunta de Galicia



O SAF incrementa as súas horas para atender a máis persoas

Coa entrada do 2021 o Departamento de Benestar aposta por incrementar as horas do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes. En total aumentáanse 1.275 horas, polo que o servizo prestará cada mes un total de 4.351 horas. A subida de horas conleva un incremento do custo do servizo ata os 240.975 euros anuais, dos que o Concello de Teo alcanzará un total de 95.635 euros, mentres que a Consellaría de Política Social contribuirá a sufragar o servizo con 145.350 euros.

Este importante incremento do horario deste servizo posibilitará que se poida atender a un amplo número de persoas que están en listaxe de agarda na actualidade e que xa están acreditadas como persoas dependentes segundo o sistema da Xunta de Galicia. O Servizo de Axuda no Fogar é fundamental para moitas familias da nosa comunidade, ademais, a raíz dos meses da pandemia provocada pola Covid-19 este servizo experimentou un gran aumento da demanda, polo que cada vez son máis os veciños e veciñas que solicitan este tipo de axudas.



Convocatoria dunha bolsa de emprego de persoal administrativo

O Boletín Oficial da Provincia publicou o 15 de xaneiro, no número 9, o anuncio da convocatoria e as bases específicas que regulan o proceso selectivo para a constitución e funcionamento dunha bolsa de emprego para a contratación con carácter temporal de persoal administrativo do Concello de Teo.

Esta convocatoria e as súas bases regulan o proceso selectivo, e aprobouse, previamente, pola Alcaldía do Concello de Teo a través da Resolución número 6/2021, de data 5 de xaneiro de 2021.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días hábiles que comezarán a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia, previsto para o 8 de febreiro.

CULTURA Cultura deseña o EntroidON para que a tradición siga viva nas redes sociais

Impulsados polos cambios de formatos culturais que provoca esta situación que se presenta e o marco normativo xeral, xorde dende a Concellaría de Cultura, Educación e Relacións Veciñais a iniciativa de celebrar este ano de xeito excepcional o EntroidON, en colaboración coas asociacións como son a Asociación Cultural O Pozo da Xerpa de Raris, Asociación Cultural o Demo de Reis e Asociación Cultural de Festexos O Carme de Teo. Este proxecto colaborativo consistirá en celebrar o Entroido Tradicional dos Xenerais da Ulla nas datas propias de celebración do Entroido das propias parroquias pero en versión dixital e a través das redes sociais.

O termo EntroidON expresa que queremos manter o Entroido vivo, aceso, con dinamismo, e en movemento, baixo a idea de seguir conservando as datas particulares e as tradicións culturais, e poñer en valor e dar continuidade a unha das representacións culturais tradicionais máis importantes do noso patrimonio cultural dun xeito adaptado e seguro á situación que vivimos. O EntroidON pretende simbolizar a a esperanza de retomar pouco a pouco cada unha das actividades culturais que sementan o noso concello cando superemos a pandemia.

Visibilidade aos Xenerais da Ulla

Con este programa quixemos darlle visibilidade e non deixar esmorecer o noso Entroido Tradicional dos Xenerais da Ulla, e para iso as asociacións participantes mostrarán nas redes fotos e vídeos do Entroido 2021 feitas dende as casas das persoas integrantes, e non se esquecerán de manter os tradicionais atranques ou altos que serán gravados previamente -sen público e coas medidas pertinentes- e que serán publicados nas redes sociais para visualizar nos días e hora de costume segundo manda a tradición.

A través do EntroidON tamén rendemos unha pequena homenaxe ás entidades e persoas colaboradoras que dende as distintas parroquias, entidades e colectivos de Teo colaboran de xeito altruista na conservación e posta en marcha dos Entroidos Tradicionais dos Xenerais da Ulla. Sen eles esta tradición non chegaría aos nosos días, xa que ano tras ano se esforzan por facernos sorrir e por manter vivo o Entroido.

Aposta pola cultura local

Dende a Concellaría de Cultura realízase unha aposta firme polo talento da cultura local, da posta en valor do noso patrimonio inmaterial e das nosas tradicións, e por iso se compromete a seguir brindando o seu apoio a estas iniciativas. Cando todo isto pase, queremos volver a vernos de novo con máis forza ca nunca nas asociacións, nas casas comúns, nas bibliotecas, nos teatros, nos auditorios, nas rúas, nas festas, nos entroidos e nos eventos e demais espazos de cultura do noso concello.

As asociacións dos Entroidos Tradicionais dos Xenerais da Ulla mostrarán imaxes e vídeos nas redes sociais para visualizar as costumes

EntroidON
2021
Co entroido dixital ningún bicho nos fai mal

ATENCIÓN, DIGAN TODAS Á MIÑA VOZ!
VIVA O ENTROIDON
RARIS - 31 DE XANEIRO
REIS - 6 E 7 DE FEBREIRO
TEO - 13 DE FEBREIRO

[culturaconcellodeteo](#)
[bibliotecas.municipais.deteo](#)
[ConcellodeTeo](#)
[mediatecadogrilo.wordpress.com](#)

Cultura de Teo
CARMEN DE TEO
A.C. O abaco de Raris
ASOCIACIÓN POZO DA XERPA DE RARIS

O TRADICIONAL E PATRIMONIAL, PONSE Á MODA CO VIRTUAL NAS REDES SOCIAIS!

Turismo lembra o Entroido no ano no que non escoitaremos 'Vivas!'

“A Covid-19 quítanos a celebración do Entroido tal e como o coñecemos, como antes pasou co San Martiño, pero podemos celebralo doutro xeito”, asegura María López, concelleira de Turismo. Dende o departamento que dirixe a edila programan actividades de promoción desta tradicional festa galega adaptadas ás restricións vixentes para conter a pandemia do coronavirus.

Nos primeiros días de febreiro entregarase un material nos colexios para que os escolares poidan preparar nas súas casas unha peza tradicional e moi destacada do Entroido dos Xenerais. No interior desta peza, que neste caso será de papel, van pílulas sobre o que significa esta festa para moitas das parroquias do Concello de Teo. Unha vez realizada a peza poderanse buscar plumas e pequenos abalorios para adornala no comercio local, que serán entregadas cando se faga gasto no mesmo.

E os que tamén se van poñer de festa serán os cabaliños de madeira do San Martiño, que durante o mes de febreiro tamén terán unhas monturas especiais que lembrarán ao Entroido. Este ano non poderán saír os cabalos de verdade pero os cabaliños do San Martiño no queren esquecer que estamos de Entroido.

Por outra banda, durante o mes de febreiro, a Ruta da Batalla de Cacheiras contará cunhas pezas moi especiais posto que ao longo do seu percorrido aparecerán coplas de Entroido antigas. López explica que esta actividade “é das que máis nos apetecen xa que convida á xente a pasear e coñecer unha parte importante do Entroido, as coplas, ademais de pasear polas parroquias de Bamonde, Oza e Cacheiras, ás que lle debemos manter viva esta tradición xa que sen o traballo das comisións e



A concelleira de Turismo sinalou que malia que “a Covid-19 quítanos a celebración do Entroido tal e como o coñecemos, pero podemos celebralo doutro xeito”

da veciñanza sería imposible gozar do Entroido dos xenerais da Ulla”.

Ao peche desta edición tamén se estaba traballando coa hostalería local nun menú de Entroido para levar. Podedes informarnos desta iniciativa nas redes sociais de Turismo de Teo.

Suspensión

Dende os oito concellos para a promoción conxunta do Entroido Rural Tradicional dos Xenerais da Ulla xa se informou en xaneiro de que pola situación actual de emerxencia sanitaria derivada da expansión da COVID-19 en todo o mundo, as entidades organizadoras dos entroidos dos Xenerais da Ulla suspenderon a programación presencial das súas celebracións nos diversos lugares e parroquias. Adoptan esta medida ante a imposibilidade de desenvolver estes entroidos no seu formato habitual e tradicional. Ao tempo é un acto de responsabilidade priorizando a saúde e seguridade de todas as persoas e de toda a veciñanza da nosa localidade •

Os cabaliños de madeira do San Martiño terán unhas monturas especiais en febreiro e servirán de fondo de foto para a cativada

Arte rupestre, tamén en Cacheiras

Dous sabres cruzados cinguen a bandeira teense como lembranza da Batalla de Cacheiras que tivo como escenario “a pequena cordal que se estende ó sur- sueste de Santiago e da que ocuparon o cumio máis elevado as tropas de Solis”, segundo sinalaba o avogado Juan do Porto na súa recensión dos “acontecementos políticos de Galicia en 1846”.

Neste “monte altu” (Montouto) que preside a Pedra Escorredía vertébrase o territorio teense que dá entrada á vella Compostela. Un lugar cargado de simbolismo no que as novas descubertas arqueolóxicas testemuñan tamén o legado único das primeiras sociedades que habitaron este sitio hai máis de catro mil anos.

Novos achados arqueolóxicos que incrementan de xeito significativo o patrimonio cultural dunha zona que xa posuía previamente un grande valor paisaxístico e histórico.

Trátase de catro novos petróglifos, dous nesta zona e dous máis na contorna dos Tilos, de temática xeométrica e clara adscrición ó estilo da arte atlántica que caracteriza a maioría dos petróglifos galaicos. Figuras de coviñas, círculos e aneis concéntricos, “CUps and rings” como denominan os investigadores británicos, presentes tamén en boa parte dos petróglifos do noroeste peninsular. Insculturas semellantes ás localizadas noutras áreas arqueolóxicas teenses, xa estudadas polos pais da arqueoloxía galega dende os anos cincuenta do século pasado, como é o caso do Monte Piquio entre as parroquias de Luou e Rarís ou a área de Cornide - Regoufe entre as parroquias de Calo e Luou. Porén, cómpre destacar dous aspectos que singularizan estas novas estacións. Por unha banda, trátase de gravados sobre soportes pouco “convencionais” como é o granito de gran groso no caso dos petróglifos de Montouto e o xisto no caso dos petróglifos dos Tilos. O resto dos petróglifos teenses empregan o granito de gran fino denominado de dúas micas. Por outra banda, destaca o feito de que non se coñecían este tipo de manifestacións artísticas nesta parte da parroquia de Cacheiras.

Novos petróglifos que incrementan o xa relevante número de estacións de arte rupestre en Teo (+30) e da comarca de Compostela (+150), moitas delas divulgadas polo Colectivo A Rula, entidade teense que dende 2013 desenvolve un excepcional labor



na procura da protección e divulgación do noso patrimonio e, en especial, da arte rupestre.

Dende a Concellaría de Cultura e Patrimonio, dirixida por Mayte Argibay, e a través do proxecto do “Parque Compostela Rupestre” que este ano preside o Concello de Teo, iniciaremos as accións pertinentes para garantir a protección destes elementos que testemuñan a relevancia que este territorio tivo durante a Prehistoria. A catalogación destes novos bens é o paso inicial para converter estes conxuntos patrimoniais en futuros recursos culturais e turísticos, mostra dunha arte milenaria que cómpre valorizar para que a veciñanza teense e cidadanía en xeral poida coñecer en condicións axeitadas •

Novos petróglifos que incrementan o xa relevante número de estacións de arte rupestre en Teo

AXENDA

Febreiro de 2021



Martes

Servizo de asesoramento eléctrico no salón de plenos de 10:00 a 12:00 horas

Venres

Mercado en Cacheiras

Sábado

Mercado nos Tilos

31 Domingo. 31 de xaneiro. **EntroidON dos Xenerais na parroquia de Rarís** coa Asociación Cultural o Pozo da Xerpa de Rarís. Poderase seguir polas redes sociais de Cultura de Teo e do Concello de Teo 19:00 horas. Atrunque dos Xenerais de Rarís.

5 Venres. Remata o **prazo para alegacións** á concesión de axudas do PEL-Reactiva dirixido a empresas e autónomos. Consulta a lista provisional de concesión en teo.gal.

6-7 Sábado e domingo. **EntroidON dos Xenerais na parroquia de Reis** coa Asociación Cultural o Demo de Reis. Poderase seguir polas redes sociais de Cultura de Teo e do Concello de Teo 19:00 Horas: Atrunque dos Xenerais de Reis

13 Sábado. **EntroidON dos Xenerais na parroquia de Santa María de Teo** coa Asociación Cultural de Festexos O Carne de Teo. Poderase seguir polas redes sociais de Cultura de Teo e do Concello de Teo 19:00 Horas: Atrunque dos Xenerais de Teo

Taller de cociña con crianzas. Actividade

20 Sábado. **Taller de caligrafía** para mocidade de 12 a 18 anos. Actividade en liña ás 12:00 horas. Anotarse enviando un correo electrónico a mocidade@teo.gal

24 Mércores. **Rosalía en 2 minutos.** Grava un vídeo de menos de 2 minutos co teu móbil recitando un anaco dun poema ou texto de Rosalía de Castro e envíalo antes do 24 de febreiro a bibliotecatilos@teo.gal cos teus datos de contacto. Do **22 ao 28** de febreiro iremos publicando os vídeos nas redes sociais de Cultura para conmemorar o nacemento de Rosalía de Castro. As persoas participantes poderán recoller un agasallo sorpresa nas Bibliotecas de Teo.

Ruta da Batalla de Cacheiras. Durante o mes de febreiro no trazado da ruta haberá colgados reproducións de coplas e atranques antigos. Esta ruta percorre parroquias con fonda tradición de entroido, Bamonde, Oza e Cacheiras.

DESCUBERTA VACINA CONTRA
O PAILANISMO



Ilustración de Ruth Caramés en Nós Diario

En febreiro,
sete mantas e un sombreiro

FALAMOS

UNHA SECCIÓN PARA
COIDAR A NOSA

LINGUA



DIRECTORIO DE ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA

CONCELLO DE TEO

COMIDA e CAFÉS PARA RECOLLER / SERVIZO A DOMICILIO

[Actualizado o 27 de xaneiro de 2021]

GALO

A Capilla

A Igrexa, Galo, 24
660 395 790 | 981 548 113



As Brasas

Rúa Castelo, 38
636 381 721 | 981 539 534



Bustelo

A Igrexa, 48
616 221 715 | 981 548 279



Carboeiro

Rúa de Francos, 44
669 642 269 | 981 538 004



Casa Touceda

Travesía de Casalonga, 108
647 697 191 | 981 548 325



Cierto Blanco

Rúa Imáns Liste Forján, 17
619 110 232 | 981 548 383



O Carmelo

Travesía da Casalonga, 6
619 028 088 | 981 539 045



Pazo de Adrán

Lugar de Adrán, 4
981 570 000



San Martiño

Travesía da Casalonga, 104
698 109 621 | 981 548 463



CACHEIRAS

A Brasa

Travesía de Cacheiras, 133
981 806 880



A D' María

Travesía de Cacheiras, 51
609 166 523



Armando Blanco

Travesía de Cacheiras, 36
981 807 128



A Veiga

Travesía de Cacheiras, 42
981 800 140 | 625 753 502



Che-2

Travesía de Montouto, 28
981 806 648



NC

Travesía de Cacheiras, 25
606 399 547



Manu

Travesía de Montouto, 49 Boque 2
981 458 467



Montouto

Travesía de Montouto, 7
630 47 16 04 | 981 819 109



Pórtico

Travesía de Cacheiras, 72
546 664 665 | 981 8074 97



Portugalia

Travesía de Cacheiras, 45
609 164 327



REIS

Casa Pernas

Rúa Ignacio Varela, 25 Pontevedra
616 908 614



La Mamma

Rúa Ignacio Varela, 1 Pontevedra
853 301 448 | 981 807 033



LUOU

O Pintor

O Aído, 20
661 002 667



COMIDA PARA LEVAR



CAFÉS



SERVIZO A DOMICILIO



OLUS ASESORES

Máis información:

Tíno.: 981 936 629

www.teo.gal

turismo@teo.gal



CONCELLO
DE TEO
Desenvolvemento
Local e Turismo